

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2019.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D^a. María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Diego A. Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

NON ASISTEN:

D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Mendez Sanchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e sete minutos do día trinta de setembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións D.^a. María Guadalupe Pombo Carril (resolución da alcaldía de data trinta de setembro do ano dous mil dezanove) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle e D.^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Non asisten á sesión os Sres. concelleiros D. Carlos Liñares Gestal e Dona Yessica Méndez Sánchez

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos

incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos sres concelleiros asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 25 de setembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Real decreto 527/2019, do 13 de setembro, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias no marco do Acordo sobre Fondos de Formación para o Emprego das Administracións Públicas. BOE núm. 233 do 27-09-2019.
- Anuncio do 6 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expte UME/2018/182 e outro DOG núm. 185 do 30-09-2019.
- Anuncio do 17 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expte UME/2018/662 DOG núm. 185 do 30-09-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13I012X	USG/2019/183
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4008 2E3Y 726K 4W4G 15IA	

- Anuncio do 25 de setembro de 2019, da Administración Electoral, -Xunta electoral de zona de A Coruña-relativo á constitución da Xunta electoral de Zona de A Coruña. BOP núm. 184 do 27-09-2019.
- Anuncio do 25 de setembro de 2019, da Administración Electoral, -Xunta electoral provincial de A Coruña-relativo á constitución da Xunta electoral provincial de A Coruña cos vocais de orixe xudicial. BOP núm. 184 do 27-09-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 4 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

XIV Festival Internacional Galicreques 2019.

Teatro de marionetas Trécola: *Tolitates.*

Para todos os públicos. Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.”

2.2.2.- A sra. Alcadesa en funcións dá lectura ao escrito de data 27 de setembro de 2019 da sra. Concelleira delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural que, transcrito literalmente di:

**“ DACIÓ DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DA CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO
RURAL**

A concelleira de Participación cidadá, Educación e Medio rural dá conta á Xunta de Goberno do día 30 de setembro de 2019 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

PROGRAMA MUNICIPAL EDUCACULLEREDO 2019-2020.

Actividade: Concerto didáctico I: Festival internacional de pulso e púa.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 2 e 4 de outubro.

Horario: de 10:30 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP P. Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 5º/6º EP.

Nº participantes: 402.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG13I012X	USG/2019/183
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4008 2E3Y 726K 4W4G 15IA	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións,
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política social, mocidade e promoción do deporte, que actuou como Presidenta nesta acta en calidade de alcaldesa en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H